



ANEXO I:

PROGRAMA DE NECESIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS.

1.- DESCRICIÓN DO PROXECTO

Trátase do desenvolvemento dunha actuación integral para as dúas parcelas vinculadas ao obxecto deste contrato, nas cales se deberá situar un pavillón polideportivo e a dotación de equipamentos deportivos exteriores complementarios ademais da urbanización xeral das dúas parcelas coa dotación dos espazos necesarios como un aparcadoiro en superficie, quedando o resto da parcela acondicionada como un espazo aberto para uso público dotando a zona de zonas verdes e sendas de paso.

A definición do proxecto deberá atender á organización dun edificio "pavillón polideportivo" desde un punto de vista funcional. De forma xeral deberase de conseguir unha zona de acceso que xere un novo lugar de encontro no uso de espazo deportivo. O acceso á instalación deberá organizarse desde un vestíbulo que permita o control único da instalación discriminando o paso de espectadores con usuarios habituais e deportistas.

2.- REQUISITOS BÁSICOS DO EDIFICIO PRINCIPAL:

A instalación deberá contar cunha zona deportiva cuberta que posibilite os seguintes usos deportivos:

2.1.- Zona deportiva principal: espazo polideportivo dimensionado adecuadamente para o desenvolvemento de practicas deportivas de equipo tradicionais coas dimensións de superficie e altura adecuadas ás competicións de ámbito local, autonómico e estatal. Este espazo estará dotado dun pavimento multiuso a través dunha tarima flotante con acabado en madeira.

Expte. 4639-440

Praza do Rei, sn.
36202 - Vigo
Telf.: 986 81 01 00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2017 09:09	Páxina 1 de 4
Aprobado en Xunta de Goberno do 14/09/2017	Código de verificación: 2BEA4-54D8C-C8285-AAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



2.2.- Zonas deportivas complementarias: O proxecto de organización do edificio posibilitará a compatibilización de dous espazos deportivos complementarios de acordo coas seguintes condicións.

- a.1.- Sala deportiva multiusos: Espazo deportivo específico para actividades físico deportivas dirixidas, superficie mínima duns 130 m2.
- a.2.- Rocódromo: Espazo deportivo específico para o desenvolvemento de actividades de aprendizaxe, adestramento e primeiro nivel de competición da disciplina de escalada. Este espazo deportivo deberá situarse na zona cuberta principal de edificio, posibilitando a súa utilización na máxima altura do edificio. Deberá organizarse de tal forma que posibilite a súa compatibilidade de uso con outras actividades no espazo principal.

2.3.- Outros espazos complementarios:

- ✓ **Vestíbulo:** Deberá ser o punto de distribución xeral dos accesos á instalación. Deberá posibilitar o control xeral da instalación. Deberá contar cun espazo pechado como punto de control-recepción, no cal se atope unificados todos os sistemas de aceso e control dos sistemas da instalación. Deberá contar cun espazo pechado que posibilite unha zona de vestiario de persoal.
- ✓ **Vestiaros:** o edificio deberá posibilitar como mínimo 4 espazos para deportivas e 2 espazos para monitores e/ou árbitros. En relación a estes espazos tamén se deberán organizar os aseos e servizos correspondentes.
- ✓ **Almacéns e instalacións:** deberá contar cos correspondentes espazos para almacéns, servizos complementarios de limpeza,
- ✓ **Bancada de público:** O edificio deberá contar cunha bancada para un mínimo de 250 espectadores posibilitando sempre o maior grao de accesibilidade, Esta zona deberá contar con servizos e aseos para o público.
- ✓ **Accesibilidade:** O edificio deberá contar co maior grao de accesibilidade en relación a todos os seus usos.

Expte. 4639-440

Praza do Rei, sn.
36202 - Vigo
Telf.: 986 81 01 00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2017 09:09	Páxina 2 de 4
Aprobado en Xunta de Goberno do 14/09/2017	Código de verificación: 2BEA4-54D8C-C8285-AAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



2.4.- Equipamento:

O edificio principal deberá contar no seu desenvolvemento coa instalación dos diversos equipos tanto técnico como deportivos para o seu correcto funcionamento, polo cal como mínimo se deberá de contemplar:

- Iluminación con dous niveis de aceso (adestramento e competición)
- Sistema de megafonía - interior recinto e megafonía principal na pista de xogo.
- marcador electrónico na pista de xogo
- Porterías para fútbol sala, Canastas para baloncesto.
- Banquillos para equipo.
- Vestiarios equipados con bancos.
- Vestíbulo con mobiliario básico para zona de espera, mobiliario de recepción – conserxería.
- Elementos decorativos ou de outra indole que sexan necesarios para mellorala atenuación acustica, con respecto a normativa e que se disminuan as molestias que poidan provocar as reverberacións.

Zoa deportiva exterior:

O proxecto debe contemplar a construción dunha zoa deportiva exterior complementaria aos usos do pavillón polideportivo. Esta zoa terá como núcleo principal unha pista polideportiva exterior, coas dimensións adecuadas para posibilitar o xogos de equipo (fútbol sala, e baloncesto) a mesma deberá atoparse dotada de iluminación e dun peche perimetral adecuado as condicións deportivas e de uso da pista, e tamén deberá ser dotada do equipamento deportivo básico para o seu uso.

Urbanización xeral da parcela:

Incorporará espazos de circulación peonil, aparcamento e estancia, dotados de mobiliario urbano, alumeadado público, xardinería e redes de servizos urbanos, conectadas ás redes de servizos xerais.

Proposta básica de estruturação dos diversos espazos deportivos:

Expte. 4639-440

Praza do Rei, sn.
36202 - Vigo
Telf.: 986 81 01 00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2017 09:09	Páxina 3 de 4
Aprobado en Xunta de Goberno do 14/09/2017	Código de verificación: 2BEA4-54D8C-C8285-AAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO

	Vestíbulo	70,00 m2
	Pista polideportiva con rocodromo	1.300,00 m2
	Vestuarios equipos	140,00 m2
	Vestuarios árbitros	40,00 m2
	Aseos zoa deportiva	30,00 m2
	Sala multiusos	150,00 m2
	Almacéns	50,00 m2
	Grada publico	380,00 m2
	Aseos público	30,00 m2
	Servizos e instalacións	90,00 m2
	Circulacións	100,00 m2
		2.380,00 m2
ZOA DEPORTIVA EXTERIOR		
	Espazos deportivos complementarios	1.056,00 m2
URBANIZACIÓN XERAL DA PARCELA		
	Espazos exteriores para urbanizar	4.033,00 m2
TOTALIDADE DAS PARCELAS		
	Parcela 28	1.089,00 m2
	Parcela 29	6.000,00 m2
		7.089,00 m2

Vigo na data dá sinatura dixital

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.- Jerónimo Centrón Castaños

O Enxeñeiro de Edificación/Xefe da oficina de supervisión de proxectos e asistencia técnica municipal D. Aurelio Adán Fernández

Expte. 4639-440

Praza do Rei, sn.
36202 - Vigo
Telf.: 986 81 01 00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2017 09:09	Páxina 4 de 4
Aprobado en Xunta de Goberno do 14/09/2017	Código de verificación: 2BEA4-54D8C-C8285-AAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		